

ENMENDAS AO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA
REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI. Expediente 1755-449

Examinada a enmenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular na data 18 de abril de 2018 ao proxecto de modificación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2018, comprobase o seguinte:

-O contido da enmenda non ten relación coas propostas formuladas polo servizo de transportes.

-Na mesma proponse a Adición ao artigo 14 da ordenanza municipal do seguinte texto :

"cada dous anos o Concello realizará, en colaboración coas principais asociacions do sector na cidade, un estudo sobre a efectividade e rendabilidade do servizo de taxi, prevendo no orzamento municipal a dotación económica necesaria para a amortización voluntaria de licenzas en caso que o resultado do estudo o considere necesario"

- En relación coa proposta informase o seguinte :

No artigo 8 da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo recollese o procedemento de creación de novas licenzas, engadíndose a final do citado artigo que en todo caso deberá considerarse o disposto nos artigos 6 e 7 da Lei 4/ 2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo. No artigo 6 regulase como regra xeral, un numero máximo de licenzas que corresponderá a cada municipio en función da poboación, e no artigo 7 o procedemento para o continxentamento específico do numero máximo de licenzas de taxi diferente do previsto no artigo anterior .

Na Disposición transitoria cuarta da citada Lei " licenzas preexistentes " di :

"todas as licenzas de taxi conservarán a súa validez áinda que no ámbito territorial de vixencia de dita licenza se poidan superar os límites máximos establecidos nos artigos 6 e 9 , e sempre que estas estean en plena explotación no momento de entrada en vigor desta lei "

E no artigo 14 da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo no desarrollo do nº 3 " revogación " inclúese a seguinte regulación :

"Poderán revogarse as licencias de taxi por motivos de oportunidade de interese publico, tales como circunstancias sobrevindas non imputables ao titular que aconsellase reducir o numero de licenzas por caída da demanda , exceso de oferta o circunstancias xustificadas. Neste suposto o titular terá dereito á correspondente indemnización económica que se determinara de



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2018 09:57	Páxina 1 de 2
Expediente 1755/449	CSV: 2BEB4-BD384-C5CC4-45432	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

conformidade cos parámetros obxectivos que determinen o seu valor real no mercado e terase en conta o valor medio das transmisión realizadas nos últimos doce meses na cidade.”

Polo exposto e a xuicio da técnica que subscribe a regulación relativa a revogación de licenzas por razóns de oportunidade de interese publico encontrase xa regulada na ordenanza vixente, sen que sea materia propia da Ordenanza a obligatoriedade de realizar un estudo cada dous anos sobre a efectividade e rendabilidade do servizo de taxi, o que implicaría a obligatoriedade para o Concello de realizarlo ainda para o caso de non ser necesario.

A realización dun estudo que permita detectar a necesidade de realizar unha reducción do numero de licenzas no que se plasme a rendibilidade normal previsible para o posto de traballo derivado da adquisición dunha licenza de taxi e que poida analizar obxectivamente a oferta e a demanda de forma que se garantice en todo momento a prestación do servizo tanto en horario nocturno como diúrno, festivos, festas especiais etc. tal e como se ven prestando na actualidade e un estudo complexo e previsiblemente cun elevado custo económico e que debe realizarse cando as circunstancias o demanden e non obligatoriamente cada certo período de tempo, o que ocorriría se así se contemplase no texto da ordenanza .

Polos motivos expostos considerase que non procede informar favorablemente a inclusión no proxecto da Ordenanza municipal reguladora de taxi na cidade de Vigo, a proposta contida na enmenda do grupo municipal do Partido Popular.

Fdo: A Xefa do Servizo de Transportes: Carmen Pintado Garcia

